



VII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DIXITAL “PASIÑO A PASIÑO, FAISE O CAMIÑO”



Un ano máis, o Equipo TIC, en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega, convoca o VII Concurso de Fotografía Dixital dirixido a todo o alumnado do centro.

A participación no mesmo supón a aceptación das seguintes BASES:

1. Poderán participar todas as familias que teñan fillos/as matriculados no noso centro.
2. Só se admitirán fotos de creación propia (non descargadas ou copiadas da Internet) en formato dixital jpg.
3. As fotografías serán enviadas ao correo electrónico ceipnantes.tic@gmail.com antes do mércores 3 de febreiro ás 23:00h. No asunto deberá constar o nome, apelidos e curso do alumno/a.
4. O tema será "Pasiño a pasiño, faise o Camiño": fotografías nas que o *Camiño de Santiago* sexa o protagonista (rutas, símbolos, indumentaria, etc.).
5. Cada foto deberá acompañarse dun lema en galego sobre o tema.
6. Non poderán aparecer os nenos/as participantes nin membros recoñecibles da súa familia.
7. Todas as fotografías serán publicadas na páxina web do centro.
8. Poderase participar cunha foto por alumno/a.
9. As fotos estarán expostas no colexio e na páxina web desde o venres 5 de febreiro.
10. Todos os participantes recibirán un diploma e unha copia impresa da súa fotografía.
11. O gañador/a será elixido por todo o alumnado e profesorado mediante votación os días 8 e 9 de febreiro. Este ano, debido ás medidas adoptadas pola pandemia, non votarán as familias, para evitar visitas ao centro que non son imprescindibles.
12. O premio consistirá nunha memoria USB, un diploma acreditativo e a publicación da fotografía no número deste ano da revista "Novas de Contumil". A foto gañadora pasará a ser propiedade do colexio.
13. O premio entregarase o venres 12 de febreiro, antes das vacacións de Entroido.



VII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DIXITAL “PASIÑO A PASIÑO, FAISE O CAMIÑO”



Un ano máis, o Equipo TIC, en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega, convoca o VII Concurso de Fotografía Dixital dirixido a todo o alumnado do centro.

A participación no mesmo supón a aceptación das seguintes BASES:

1. Poderán participar todas as familias que teñan fillos/as matriculados no noso centro.
2. Só se admitirán fotos de creación propia (non descargadas ou copiadas da Internet) en formato dixital jpg.
3. As fotografías serán enviadas ao correo electrónico ceipnantes.tic@gmail.com antes do mércores 3 de febreiro ás 23:00h. No asunto deberá constar o nome, apelidos e curso do alumno/a.
4. O tema será "Pasiño a pasiño, faise o Camiño": fotografías nas que o *Camiño de Santiago* sexa o protagonista (rutas, símbolos, indumentaria, etc.).
5. Cada foto deberá acompañarse dun lema en galego sobre o tema.
6. Non poderán aparecer os nenos/as participantes nin membros recoñecibles da súa familia.
7. Todas as fotografías serán publicadas na páxina web do centro.
8. Poderase participar cunha foto por alumno/a.
9. As fotos estarán expostas no colexio e na páxina web desde o venres 5 de febreiro.
10. Todos os participantes recibirán un diploma e unha copia impresa da súa fotografía.
11. O gañador/a será elixido por todo o alumnado e profesorado mediante votación os días 8 e 9 de febreiro. Este ano, debido ás medidas adoptadas pola pandemia, non votarán as familias, para evitar visitas ao centro que non son imprescindibles.
12. O premio consistirá nunha memoria USB, un diploma acreditativo e a publicación da fotografía no número deste ano da revista "Novas de Contumil". A foto gañadora pasará a ser propiedade do colexio.
13. O premio entregarase o venres 12 de febreiro, antes das vacacións de Entroido.